



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. SERVIZO DO PATRIMONIO NATURAL. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

A Sociedade de Cazadores *San Verísimo*, con CIF G27266543, representada por Manuel Pérez Gómez, con DNI \*\*\*\*\*637E, solicita a fusión dos tecores *Brañas* LU-10097 e *O Acebal* LU-10226, cos seguintes datos do tecor resultante:

- Denominación: *Brañas*
- Matrícula: LU-10226
- Titular: Sociedade de Cazadores *San Verísimo*, con CIF G27266543

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 2 de xuño de 2020.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 1096

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

##### Anuncio

EDICTO- NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos tributos e concellos que se citan:

Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio de 2020

- ABADIN, ALFOZ, ANTAS DE ULLA, BALEIRA, BARALLA, BARREIROS, BECERREÁ, BEGONTE, BÓVEDA, BURELA, CARBALLEDO, CASTRO DE REI, CASTROVERDE, CERVANTES, CERVO, O CORGO, COSPEITO, CHANTADA, FOLGOSO DO COUREL, A FONSAGRADA, FOZ, FRIOL, GUITIRIZ, GUNTÍN, O INCIO, LÁNCARA, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, MONTERROSO, MURAS, NAVIA DE SUARNA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, AS NOGAIS, OUROL, PALAS DE REI, PANTÓN, PARADELA, O PÁRAMO, A PASTORIZA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, A POBRA DE BROLLÓN, POL, A PONTENOVA, PORTOMARIN, QUIROGA, RÁBADE, RIBADEO, RIBAS DE SIL, RIBEIRA DE PIQUÍN, RIOTORTO, SAMOS, SARRIA, O SAVIÑO, SOBER, TABOADA, TRABADA, TRIACASTELA, O VALADOURO, O VICEDO, VILALBA, XERMADE e XOVE.

Taxas e prezos públicos.-

A POBRA DO BROLLON 2019-02 2º semestre 2019 taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga xunta de galicia

A PONTENOVA 2019-04 4º trimestre 2019 taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga xunta de galicia

BARALLA 2020-01 1º trimestre 2020 taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga xunta de galicia

MURA 2019-01 ano 2019 taxa subministro auga municipal e canon auga xunta de galicia

NAVIA DE SUARNA 2019-02 2º semestre 2019 taxa polo subministro de auga e canon auga xunta de galicia

O INCIO 2020-01 1º trimestre 2020 taxa auga, lixo e canon auga xunta de galicia  
 O VICEDO 2019-02 2º semestre 2019 taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga xunta de galicia  
 ANTAS DE ULLA 2019-00 ano 2019 taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos  
 CARBALLEDO 2020-00 ano 2020 taxa de recollida de lixo  
 MONTERROSO 2020-00 ano 2020 taxa de recollida do lixo en parroquias  
 MURAS 2019-00 ano 2019 taxa de recollida de residuos sólidos urbanos  
 NAVIA DE SUARNA 2020-01 1º trimestre 2020 taxa de recollida de lixo  
 O PARAMO 2019-04 4º trimestre 2019 taxa de recollida de residuos sólidos urbanos  
 PALAS DE REI 2020-00 ano 2020 taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos  
 POL 2019-04 4º trimestre 2019 taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos  
 FOLGOSO DO COUREL 2019-01 ano 2019 taxa do servizo de recollida de lixo e rede de sumidoiros  
 MONTERROSO 2020-00 ano 2020 taxa pola entrada de vehículos  
 O SAVIÑAO 2020-00 ano 2020 taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas  
 O VICEDO 2020-00 ano 2020 taxa entrada de vehículos a través das beirarrúas

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no caso dos prezos públicos e taxas, e perante o Presidente da Deputación Provincial de Lugo, no caso do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 29 de maio de 2020.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019. A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 1035

### Anuncio

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Recadación en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio de 2020, relacionados abaixo, empezará a contar o 15/06/2020 e finalizará o día 15/09/2020, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica:-

ABADIN, ALFOZ, ANTAS DE ULLA, BALEIRA, BARALLA, BARREIROS, BECERREÁ, BEGONTE, BÓVEDA, BURELA, CARBALLEDO, CASTRO DE REI, CASTROVERDE, CERVANTES, CERVO, O CORGO, COSPEITO, CHANTADA, FOLGOSO DO COUREL, A FONSAGRADA, FOZ, FRIOL, GUITIRIZ, GUNTÍN, O INCIO, LÁNCARA, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, MONTERROSO, MURAS, NAVIA DE SUARNA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, AS NOGAIS, OUROL, PALAS DE REI, PANTÓN, PARADELA, O PÁRAMO, A PASTORIZA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, A POBRA DE BROLLÓN, POL, A PONTENOVA, PORTOMARIN, QUIROGA, RÁBADE, RIBADEO, RIBAS DE SIL, RIBEIRA DE PIQUÍN, RIOTORTO, SAMOS, SARRIA, O SAVIÑAO, SOBER, TABOADA, TRABADA, TRIACASTELA, O VALADOURO, O VICEDO, VILALBA, XERMADE e XOVE.

Taxas e prezos públicos.-

A POBRA DO BROLLON 2019-02 2º semestre 2019 taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga xunta de galicia

A PONTENOVA 2019-04 4º trimestre 2019 taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga xunta de galicia

BARALLA 2020-01 1º trimestre 2020 taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga xunta de galicia  
MURAS 2019-01 ano 2019 taxa subministro auga municipal e canon auga xunta de galicia  
NAVIA DE SUARNA 2019-02 2º semestre 2019 taxa polo subministro de auga e canon auga xunta de galicia  
O INCIO 2020-01 1º trimestre 2020 taxa auga, lixo e canon auga xunta de galicia  
O VICEDO 2019-02 2º semestre 2019 taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga xunta de galicia  
ANTAS DE ULLA 2019-00 ano 2019 taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos  
CARBALLEDO 2020-00 ano 2020 taxa de recollida de lixo  
MONTERROSO 2020-00 ano 2020 taxa de recollida do lixo en parroquias  
MURAS 2019-00 ano 2019 taxa de recollida de residuos sólidos urbanos  
NAVIA DE SUARNA 2020-01 1º trimestre 2020 taxa de recollida de lixo  
O PARAMO 2019-04 4º trimestre 2019 taxa de recollida de residuos sólidos urbanos  
PALAS DE REI 2020-00 ano 2020 taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos  
POL 2019-04 4º trimestre 2019 taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos  
FOLGOSO DO COUREL 2019-01 ano 2019 taxa do servizo de recollida de lixo e rede de sumidoiros  
MONTERROSO 2020-00 ano 2020 taxa pola entrada de vehículos  
O SAVIÑAO 2020-00 ano 2020 taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas  
O VICEDO 2020-00 ano 2020 taxa entrada de vehículos a través das beirarrúas

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 29 de maio de 2020.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019. A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 1036

**CONCELLO**

LUGO

Anuncio



**ASUNTO: BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 ENCARGADOS/AS DE OBRA PARA O PROGRAMA “MURAMIÑAE REHABILITA”, aprobadas en virtude de ACORDO 12/115 da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo de data 11/03/2020.**

Tramitado o expediente relativo á aprobación das bases para a selección de 3 encargados/as de obra para o programa MURAMIÑAE REHABILITA e conforme aos seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

- Estratexia Dusi Muramiñae cofinanciada polo FEDER nun 80% aprobada pola Resolución do 12 de decembro de 2016 (BOE do 14 de decembro de 2016) da *Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos*,
- Expresión de interese e DECA aprobando a operación de MURAMIÑAE REHABILITA polo Decreto do 28/11/2019 e en GALATEA o 20/03/2019.
- Proposta de Memoria valorada do 2 de marzo de 2020.
- Informe de viabilidade de execución directa de prestacións pola Administración pública coa colaboración de empresarios/as particulares ou a través de medios propios non personificados en referencia ao Plan Muramiñae Rehabilita do 26 de febreiro de 2019.
- Proposta de bases de selección de 3 encargados/as de obra para o programa Muramiñae Rehabilita do 2 de marzo de 2020.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

O Concello de Lugo conta cunhas normas para a selección de persoal laboral temporal (contratado laboral interino ou contratado laboral temporal) para prestar servizo no Concello de Lugo aprobadas na Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do día 13 de febreiro de 2008 e publicadas no BOP de Lugo número 46, do 25 de febreiro de 2008, ás que se axustan estas bases.

Con base no cal, PROPONSE, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, órgano competente con base na atribución reservada no acordo número 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada na sesión ordinaria do día 17/07/2019, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases para a selección de 3 encargados/as de obra para o programa MURAMIÑAE REHABILITA do seguinte teor literal:

**“PROPOSTA DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 ENCARGADOS/AS DE OBRA PARA O PROGRAMA “MURAMIÑAE REHABILITA”- Plan de intervención sociolaboral, capacitación e adestramento de colectivos desfavorecidos en risco de exclusión social mediante a creación de 3 brigadas de rehabilitación para realizar obras de acondicionamento e mellora na zona DUSI, dentro da estratexia DUSI MURAMIÑAE: da Muralla ao Miño.**

**ANTECEDENTES E DESCRICIÓN DE MURAMIÑAE REHABILITA:**

O Concello de Lugo está a desenvolver a estratexia DUSI “MURAMIÑAE”, aprobada por resolución do 12 de decembro de 2016 (BOE do 14 de decembro de 2016) da *Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos*, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria *Estrategias de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado cofinanciadas mediante el Programa Operativo FEDER de Crecimiento Sostenible 2014-2020*, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, seleccionando ao Concello de Lugo e o proxecto **“MURAMIÑAE, DA MURALLA AO MIÑO”** como beneficiario dunha axuda do 80% do FEDER por importe de 10.000.000.- € que é



cofinanciada cun 20%, polo importe de 2.500.000.- € configurando unha estratexia DUSI por importe total de 12.500.000.-€.

O obxectivo temático 9 da estratexia consiste en **PROMOVER A INCLUSIÓN SOCIAL E LOITAR CONTRA A POBREZA**. Este obxectivo temático ten dúas liñas de actuación, e unha delas, a número 12, consiste no **Desenvolvemento de accións para fomentar a inserción laboral e reducir o risco de exclusión social**.

“MURAMIÑAE REHABILITA”, ademais de contribuír ao cumprimento do OT9, tamén contribúe ao cumprimento do obxectivo específico 9.8.2 de *“Rexeneración física, económica y social del entorno urbano en áreas urbanas desfavorecidas a través de estratexias urbanas integradas.”*. Polo tanto, está integramente contemplada no documento que recolle a estratexia DUSI “MURAMIÑAE”

A memoria valorada, denominada “MURAMIÑAE REHABILITA”, elaborada polo Servizo de Enxeñería, na que se recolle a necesidade de realizar actuacións na zona DUSI, pola Administración municipal de xeito directo: contratando laboralmente, na modalidade de obra ou servizo, o persoal necesario: 24 peóns/peoas e 3 encargados/as de obra durante 6 meses, e contratando administrativamente, de acordo coa Lei de contratos vixente, as subministracións, servizos/asistencias técnicas externas e materiais necesarios. O importe total previsto para a execución de “MURAMIÑAE REHABILITA” é de 671.120,92 € (80% cofinanciado polo FEDER)

Para desenvolver “MURAMIÑAE REHABILITA”, prevese a formación de 3 brigadas de intervención. Cada brigada contará con 8 PEÓNS/PEOAS e 1 ENCARGADO/A, para que poidan adquirir capacitación e adestramento ao tempo que realizan obras de acondicionamento, mellora, mantemento, xardinería, albanelería, pintura, etc. na zona DUSI.

“MURAMIÑAE REHABILITA” tamén prevé unha maior capacitación e adestramento dos/as 24 PEÓNS/PEOAS contratados/as facilitar apoio tanto ao inicio como ao final da contratación para a súa mellor inserción no mercado laboral. Así se prevé que, ao menos, durante os primeiros meses de contrato se lles faciliten habilidades sociais e laborais, e ao final do contrato, no último mes, realicen entrevistas, CV, cartas de presentación, etc., con orientadores/as laborais profesionais, que lles axuden na súa inmersión no mercado laboral. Estas actuacións serán realizadas por persoal técnico especializado.


#### **ZONA DE ACTUACIÓN:**

A que comprende a zona da estratexia DUSI “MURAMIÑAE”:



Fondo Europeo de  
Desarrollo Regional (FEDER)

★  
**Una manera  
de hacer Europa**



## BASES DE CONTRATACIÓN DE 3 ENCARGADOS/AS DE OBRA

### 1.- OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

Proceder a realizar a contratación laboral temporal de 3 ENCARGADOS/AS de obra, categoría profesional C2, no marco do proxecto "**MURAMIÑAE REHABILITA**", que é un plan de intervención sociolaboral para a capacitación e adestramento de colectivos desfavorecidos e/ou en risco de exclusión social, a través da creación de 3 brigadas, para desenvolver obras de recuperación e rehabilitación na zona DUSI. Cada brigada estará integrada por 8 peóns/peoas e 1 capataz encargado/a:



- Brigada de xardinería e arranxos medioambientais
- Brigada de albanelería e pavimentación
- Brigada de reparación de mobiliario e infraestrutura urbana

## 2.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES E FUNCÍONS:

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixiarse o requisito da non presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido/a a esta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois/las ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Tamén poderán participar no proceso selectivo as **persoas estranxeiras**, non comunitarias, con permiso de traballo en vigor e en regra, temporal ou permanente, que autorice a traballar, á data incluída no período de convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.

b) Ter cumpridos 16 anos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderá ser contratado/a quen supere a idade legal de xubilación establecida con carácter xeral, tal e como se recolle no punto 3 do artigo 67 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro TREBEP

c) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Posuír **capacidade funcional** para o desempeño das tarefas habituais do posto de traballo solicitado. Será obrigatorio que as persoas candidatas comuniquen expresamente as limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de traballo ao que se presenta, non padecerán enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden aos postos convocados de ENCARGO/A de obra, estando en condicións de incorporarse a este na data de inicio do contrato.

e) TITULACIÓN: estar en posesión do título de graduado escolar, graduado en ESO, titulación superior ou equivalente

O persoal encargado de elaborar a listaxe de admitidos/as poderá requirir toda a documentación aclaratoria que estime oportuna en calquera momento do procedemento.

- Presentar a documentación completa e en regra, requirida nestas bases, e toda aquela que se poida requirir en calquera momento do procedemento.

- As funcións para realizar son as propias dun/dunha ENCARGADO/A DE OBRA, polo que todas as persoas candidatas teñen que estar en disposición de realizar estas tarefas sen que teñan ningunha incapacidade física que as imposibilite.



### 3.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE:

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no web e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

### 4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As persoas que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar no anexo a estas bases denominado: solicitude de participación na selección de **ENCARGADO/A DE OBRA** para o programa "MURAMIÑAE REHABILITA". Esta instancia/anexo estará dispoñible no Rexistro Xeral do Concello e no web municipal. As instancias dirixiranse á Excm. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais da persoa solicitante que se reúnen os requisitos esixidos na base 2, así como o resto de datos que se recollen no reverso do devandito anexo.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a).- Copia do DNI ou NIE
- b).- Copia do título de graduado escolar, graduado en ESO, titulación superior ou equivalente
- c).- Copia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

En calquera momento do proceso se lles poderá requirir a presentación de documentación orixinal para o seu cotexo

### 5.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

REQUISITOS PROFESIONAIS. FUNCÍONS:

- ENCARGADO/A.-: Categoría profesional C2
- TITULACIÓN: estar en posesión do título de graduado escolar, graduado en ESO, titulación superior ou equivalente
- FUNCÍONS:
  - Supervisión, organización e control dos traballos das e dos peóns ao seu cargo.
  - Calquera outra tarefa relacionada coa súa categoría profesional que sexa encargada pola ou polo seu superior xerárquico.
  - Velar polo cumprimento da normativa en prevención e seguridade laboral
  - Colaborar nas tarefas de capacitación e adestramento do persoal ao seu cargo.

Para a selección deste persoal, aplicarase o baremo de méritos que se indica nas BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CONTRATADO NO CONCELLO DE LUGO (Acordo da XGL, do 13/02/2008 - BOP DO 25 DE FEBREIRO DE 2008), do seguinte teor literal: "Consistirá en dúas fases:

**A) Realización dunha ou máis probas** (de carácter teórico ou/e práctico), relacionadas necesariamente coas tarefas que haxa que cumprir no posto que se pretende ocupar. Esta proba ou probas terán carácter eliminatorio. Na convocatoria especificarase aquela materia ou materias sobre as que versará a citada proba. Máximo: 15 puntos.

*A persoa aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.*





**B) Baremo de méritos:** non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo: 10 puntos. Baremo de méritos:

**a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:**

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ao que se convoca na Administración local, e referidos aos últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou se presente outra diferente á aquí referida, a puntuación nesta alínea será cualificada como 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ao que se convoca nunha Administración pública (Estado, comunidades autónomas, provincia ou municipio) e referidos aos últimos 10 anos: 0,025 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se presente outra diferente á aquí referida, a puntuación neste punto será cualificada como 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ao que se convoca na empresa privada e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non se presentar a citada documentación, ou se presente outra diferente á aquí referida, a puntuación neste parágrafo será cualificada como 0 puntos.

**b) Pola titulación académica que se posúa,** computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 2 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza á que se opta: - Título de doutor: 1 punto. Este título unicamente se puntuará para as prazas nas que se requira o título de licenciado/a - título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 1,5 puntos. - título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico ou equivalente: 1 punto - título de bacharelato superior, formación profesional de 2º grao, ciclo superior ou equivalente: 0,50 puntos. - Título de graduado escolar, educación secundaria obrigatoria, formación profesional de 1º grao, ciclo medio ou equivalente: 0,25 puntos. Para prazas de oficios unicamente se puntuará ata o título de bacharelato ou equivalente.

**c) Formación:** por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Máis de 160 horas: 0,75 puntos.

**d) Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos,** cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. A persoa aspirante deberá presentar certificación expedida polo INEM, e acreditativa da citada inscrición e o tempo dela, e non terá validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non se presentar a certificación do INEM, a puntuación deste parágrafo será de 0 puntos.

**e) Pola realización ou validación,** se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega: 0,50 puntos. E pola realización ou validación, se é o caso, do curso de perfeccionamento da lingua galega: 1 punto. A puntuación



máxima deste parágrafo será de 1 punto. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores

2) Solicitante de maior idade"

En canto á proba, esta será determinada pola comisión de selección, de acordo co establecido nas devanditas bases. Os temas para a proba selectiva dos/as ENCARGADOS/AS serán os seguintes:

1. Visión xeral da zona de actuación de MURAMIÑAE REHABILITA

2. Seguridade e saúde en obras de construción: disposicións específicas de seguridade e saúde nas fases de proxecto e de execución das obras; dereitos dos/as traballadores/as (Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción).

3. Pavimentación de estradas: tipos de firmes, execución, criterios de medición. Reposición de firmes. Sinalización, balizamento e defensas en obras de conservación.

4. Abastecemento e saneamento: materiais e características das tubaxes; arquetas; unións de condutos; acometidas; execución de gabias.

5. Obras de albanelería, pintura de fachadas e mantemento e conservación de mobiliario urbano.

6. Concepto de espazo verde, xardinería e paisaxismo. Tipos de elementos vexetais do xardín. Plantación. Poda. Fertilización. Rega. Control de pragas, enfermidades e especies invasoras.

## 6.- FASES DO PROCESO

Aprobación das bases para a contratación de tres ENCARGADOS/AS, pola Xunta de Goberno Local, para a execución do proxecto "MURAMIÑAE REHABILITA". Publicación no web municipal, no Taboleiro de Anuncios e remisión ao BOP da provincia de Lugo.

a) Presentación de instancias no prazo e forma que se indica na base 4

b) COMPROBACIÓN DOCUMENTACIÓN: ao longo da semana seguinte ao remate do prazo, comprobarase a documentación requirida e o cumprimento de requisitos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán rexeitadas e non continuarán no proceso de selección.

c) Publicación dunha listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, abrirase un prazo de **3 días naturais** para a emenda e/ou reclamación, tras o que se publicarán unha listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas. Ademais, sinalarase o día da realización da proba, e da baremación de acordo co establecido na base 5

d) Publicación da listaxe provisional cos resultados da proba e da baremación de méritos. Abrirase un prazo de **3 días naturais** para a emenda e/ou reclamación.

e) Unha vez resoltas as posibles reclamacións, procederase á publicación da listaxe definitiva. Rematado o proceso de selección das 3 persoas ENCARGADAS, ditarase unha resolución pola que se aproba a listaxe definitiva de selección e de reservas.

## 7.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuarán todos os membros con voz e voto. Composición:

- A Coordinadora da estratexia DUSI Muramiñae, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Isabel Villamor Cabado. Suplente: o Técnico Municipal D. Norman Javier Veiga Álvarez.

- O Xefe do Servizo de Enxeñaría: D. Pablo Fuentes Faílde. Suplente: D. Alberto Cardama Cid.

- A Enxeñeira Municipal D.<sup>a</sup> Marta Carballal Neira. Suplente: D.<sup>a</sup> Ana Rodríguez Álvarez.

- A Xefa de Sección de Benestar Social D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Elena Sánchez Picado. Suplente: D.<sup>a</sup> Ana Rosa Pérez García.



- A Vicesecretaria, órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D.<sup>a</sup> María García Ferro, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia das actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Suplente: o Secretario Xeral do Pleno, D. Rafael José del Barrio Berbel.

### **8.- CONTRATACIÓN POR OBRA OU SERVICIO DOS/DAS 3 ENCARGADOS/AS**

Para o persoal encargado, capacitador e responsable do traballo das brigadas: 3 encargados/as que estarán contratados/as polo Concello de Lugo con cargo aos orzamentos da estratexia DUSI.

As persoas seleccionadas ao abeiro deste programa temporal deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa MURAMIÑAE REHABILITA. Esta cláusula deberá figurar no apartado correspondente (fin de contrato) do modelo do contrato para formalizar coas persoas seleccionadas.

**Modalidade.-** A modalidade de contrato será por obra ou servizo. Deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para o plan de intervención socio laboral MURAMIÑAE REHABILITA no marco da estratexia DUSI MURAMIÑAE da Muralla ao Miño, cofinanciada nun 80% polo *Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional-FEDER* para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

**CATEGORÍA E REMUNERACIÓN.-** Categoría C2 e remuneración conforme ao convenio municipal.

A duración do contrato será de 6 meses. Establécese un período de proba para as persoas contratadas de 15 días.

### **9.- RECURSOS**

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime necesario.

**Segundo.-** Publicar estas bases no BOP de Lugo e expoñelas ao público na páxina web e no Taboleiro de Anuncios.

Lugo, 5 de xuño de 2020.- A Alcaldesa, Excma. Sra. Dona Lara Méndez López.

**ANEXO**

**SOLICITUDE: PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE ENCARGADA/O PARA O PROGRAMA "MURAMIÑAE REHABILITA"**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:**

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:	
DNI/NIE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
ENDEREZO:	CONCELLO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:**

ENDEREZO:	CONCELLO E PROVINCIA:
CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO:

**EXPOÑO:**

Que reúno todos e cada un dos requisitos básicos esixidos nas bases xerais:

- Ser español/a ou nacional doutro estado da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a con permiso de traballo en vigor
- Ter cumpridos 16 anos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente, e non exceder da idade legal establecida para a xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función. Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto de traballo de Encargado/a de obra. Será obrigatorio que as persoas candidatas comuniquen expresamente as limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto solicitado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio de contrato.
- Non ter sido sancionado/a e/ou aberto expediente disciplinario nin ter sido separado/a do servizo por expediente disciplinario de calquera Administración pública. No caso de ser doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida o acceso ao emprego público.

**TITULACIÓN:** estar en posesión do título de graduado escolar, graduado en ESO, titulación superior ou equivalente.

**SOLICITO:**

Ser admitido/a para participar no procedemento selectivo do programa "MURAMIÑAE REHABILITA"

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

Asdo.:

**EXCMA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO**



**BAREMACIÓN DE MÉRITOS** (de acordo coas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal laboral temporal interino ou temporal para prestar servizo no Concello de Lugo, publicadas no BOP do 25 de febreiro de 2008)

**A) EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

SERVIZOS REALIZADOS NA MESMA CATEGORÍA/POSTO SIMILAR NA ADMINISTRACIÓN LOCAL		
DENOMINACIÓN ADMINISTRACIÓN	CATEGORÍA/POSTO	TEMPO DE SERVICIOS EN MESES

SERVIZOS REALIZADOS NA MESMA CATEGORÍA/POSTO SIMILAR NO RESTO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS		
DENOMINACIÓN ADMINISTRACIÓN	CATEGORÍA/POSTO	TEMPO DE SERVICIOS EN MESES

SERVIZOS REALIZADOS NA MESMA CATEGORÍA/POSTO SIMILAR NA EMPRESA PRIVADA		
DENOMINACIÓN EMPRESA	CATEGORÍA/POSTO	TEMPO DE SERVICIOS EN MESES

**B) TITULACIÓN ACADÉMICA:**

DENOMINACIÓN DA TITULACIÓN

**C) FORMACIÓN:**

DENOMINACIÓN DO CURSO	DURACIÓN EN HORAS

**D) INSCRICIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NOS ÚLTIMOS 3 ANOS:**

PERÍODO DE INSCRICIÓN (certificación expedida pola Oficina de Emprego)	TEMPO DE DESEMPREGO EN MESES

**E) CURSO/S DE LINGUA GALEGA:**

DENOMINACIÓN DO CURSO

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE:**

- Copia do DNI/NIE
- Copia da titulación esixida
- Copia de toda a documentación acreditativa dos méritos para baremar.

En virtude do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos é polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos persoais que proporcione serán tratados polo Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións automatizadas, nos termos establecidos na normativa de referencia, deberá comunicarllo por escrito a este Concello.

R- 1030

### Anuncio



**ASUNTO: BASES PARA A SELECCIÓN DE 24 PEÓNS/PEOAS DE OBRA PARA O PROGRAMA "MURAMIÑAE REHABILITA" aprobadas en virtude de ACORDO 11/114 da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo de data 11/03/2020.**

Tramitado o expediente relativo á aprobación das bases para a selección de 24 peóns/peoas de obra para o programa MURAMIÑAE REHABILITA e conforme aos seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

- Estratexia Dusi Muramiñae cofinanciada polo FEDER nun 80% aprobada por Resolución do 12 de decembro de 2016 (BOE 14 de decembro de 2016) da *Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos*,
- Expresión de interese e DECA aprobando a operación de MURAMIÑAE REHABILITA polo Decreto do 28/11/2019 e en GALATEA o 20/03/2019.
- Proposta de memoria valorada do 2 de marzo de 2020.

Informe de viabilidade de execución directa de prestacións pola Administración pública coa colaboración de empresarios/as particulares ou a través de medios propios non personificados en referencia ao Plan Muramiñae Rehabilita do 26 de febreiro de 2019.

- Informe da Axente de Desenvolvemento Local do 2120 de febreiro de 2019 e complementario do 1 de abril de 2019.
- Informe da Xefa do Servizo de Persoal do 8 de abril de 2019.
- Informe complementario da Axente de Desenvolvemento Local do 7 de febreiro de 2020.
- Proposta de bases de selección de 24 peóns/peoas de obra para o programa Muramiñae Rehabilita do 2 de marzo de 2020.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Nos informes que constan no expediente xustifícase a excepcionalidade do persoal ao que vai dirixido estas bases, ao vir definidos as e os destinatarios no obxectivo temático 9 da estratexia Dusi, e nos colectivos que expresamente indica o FSE.



Con base no cal, PROPONSE para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, órgano competente baseándose na atribución reservada no acordo número 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada na sesión ordinaria do día 17/07/2019, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar as bases para a selección de 24 peón/peoas de obra para o programa MURAMIÑAE REHABILITA do seguinte teor literal:

**PROPOSTA DE BASES PARA A SELECCIÓN DE PEÓNS/PEOAS PARA O PROGRAMA “MURAMIÑAE REHABILITA”- Plan de Intervención Sociolaboral, capacitación e adestramento de colectivos desfavorecidos en risco de exclusión social mediante a creación de 3 brigadas de rehabilitación para realizar obras de acondicionamento e mellora na zona DUSI, dentro da Estratexia DUSI MURAMIÑAE: Da Muralla ao Miño.**

**ANTECEDENTES E DESCRICIÓN DE MURAMIÑAE REHABILITA:**

O Concello de Lugo está a desenvolver a estratexia DUSI “MURAMIÑAE”, aprobada por resolución do 12 de decembro de 2016 (BOE do 14 de decembro de 2016) da *Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos*, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria *Estrategias de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado cofinanciadas mediante el Programa Operativo FEDER de Crecimiento Sostenible 2014-2020*, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, seleccionando ao Concello de Lugo e o proxecto **“MURAMIÑAE, DA**

**MURALLA AO MIÑO”** como beneficiario dunha axuda do 80% do FEDER por importe de 10.000.000.- € que é cofinanciada cun 20%, polo importe de 2.500.000.- € configurando unha estratexia DUSI por importe total de 12.500.000 €.

O obxectivo temático 9 da estratexia consiste en **PROMOVER A INCLUSIÓN SOCIAL E LOITAR CONTRA A POBREZA**. Este obxectivo temático ten dúas liñas de actuación, e unha delas, a número 12, consiste no **Desenvolvemento de accións para fomentar a inserción laboral e reducir o risco de exclusión social.**

“MURAMIÑAE REHABILITA”, ademais de contribuír ao cumprimento do OT9, tamén contribúe ao cumprimento do obxectivo específico 9.8.2 de *“Rexeneración física, económica e social do contorno urbano en áreas urbanas desfavorecidas a través de estratexias urbanas integradas.”*. Polo tanto, está integramente contemplada no documento que recolle a estratexia DUSI “MURAMIÑAE”

A memoria valorada, denominada “MURAMIÑAE REHABILITA”, elaborada polo Servizo de Enxeñería, na que se recolle a necesidade de realizar actuacións na zona DUSI, pola Administración municipal de xeito directo: contratando laboralmente, na modalidade de obra ou servizo, o persoal necesario: 24 peóns/peoas e 3 encargados/as de obra durante 6 meses, e contratando administrativamente, de acordo coa Lei de contratos vixente, as subministracións, servizos/asistencias técnicas externas e materiais necesarios. O importe total previsto para a execución de “MURAMIÑAE REHABILITA” é de 671.120,92 € (80% cofinanciado polo FEDER).

Para desenvolver “MURAMIÑAE REHABILITA”, prevese a formación de 3 brigadas de intervención. Cada brigada contará con 8 peóns/peoas, seleccionados/as entre persoas desempregadas pertencentes aos colectivos sinalados anteriormente, para que poidan adquirir capacitación e adestramento ao tempo que realizan **obras de acondicionamento, mellora, mantemento, xardinería, albanelería, pintura, etc., na zona DUSI.**

Brigadas de intervención:

1. BRIGADA DE XARDINERÍA E ARRANXOS MEDIOAMBIENTAIS, que contará con 8 peóns/peoas e cun/cunha encargado/a.
2. BRIGADA DE ALBANELERÍA E PAVIMENTACIÓN que contará con 8 peóns/peoas e cun/cunha encargado/a.
3. BRIGADA DE REPARACIÓN DE MOBILIARIO E INFRAESTRUTURA URBANA, que contará con 8 peóns/peoas e un/unha encargado/a.

“MURAMIÑAE REHABILITA” tamén prevé que para unha maior capacitación e adestramento dos/as 24 peóns/peoas contratados/as, facilitar apoio tanto ao inicio coma ao final da contratación, para a súa mellor inserción no mercado laboral. Así se prevé que ao menos durante os primeiros meses de contrato se lles faciliten habilidades sociais e laborais, e ao final do contrato, no último mes, realicen entrevistas, CV, cartas de






presentación, etc., con orientadores laborais profesionais, que lles axuden na súa inmersión no mercado laboral. Estas actuacións serán realizadas por persoal técnico especializado.

#### ZONA DE ACTUACIÓN:

A que comprende a zona da estratexia DUSI "MURAMIÑAE":



#### BASES DE CONTRATACIÓN DE 24 PEÓN/PEOAS

##### 1.- OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

Proceder a realizar a contratación laboral temporal de 24 peón/peoas no marco do proxecto "**MURAMIÑAE REHABILITA**", que é un plan de intervención sociolaboral para a capacitación e adestramento de colectivos desfavorecidos e/ou en risco de exclusión social, a través da creación de 3 brigadas, para desenvolver obras de recuperación e rehabilitación na zona DUSI. Cada brigada estará integrada por 8 peóns/peoas:

- Brigada de xardinería e arranxos medioambientais
- Brigada de albanelería e pavimentación
- Brigada de reparación de mobiliario e infraestrutura urbana

##### 2.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES E FUNCIONS:

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido/a a esta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois/las ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.



As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Tamén poderán participar no proceso selectivo as **persoas estranxeiras**, non comunitarias, con permiso de traballo en vigor e en regra, temporal ou permanente, que autorice a traballar, á data incluída no período de convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.

b) Ter cumpridos 16 anos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderá ser contratado/a quen supere a idade legal de xubilación establecida con carácter xeral, tal e como se recolle no punto 3 do artigo 67 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro TREBEP.

c) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Posuír **capacidade funcional** para o desempeño das tarefas habituais do posto de traballo solicitado. Será obrigatorio que as persoas candidatas comuniquen expresamente as limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de traballo ao que se presenta, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado de peón/peoa, estando en condicións de incorporarse a este na data de inicio do contrato.

e) Estar desempregado/a inscrito/a como demandante de emprego nalgunha das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Lugo.

f) Estar empadroadado/a no Concello de Lugo.

g) Para poder participar neste programa especial de inclusión e emprego, é necesario pertencer a colectivos desfavorecidos e/ou en risco de exclusión social conforme a normativa do FSE, que considera destinatarios/as dos proxectos que subvenciona os seguintes:

- Persoas desempregadas de longa duración.
- Persoas menores de 30 anos non atendidas polo Programa operativo de emprego xuvenil
- Persoas maiores de 55 anos
- Persoas con diversidade funcional
- Inmigrantes
- Minorías étnicas e comunidades marxinadas
- Outros colectivos desfavorecidos como: persoas que viven en fogares compostos dun único adulto con fillos/as ao seu cargo; persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en materia de vivenda, vítimas de violencia de xénero; vítimas de discriminación por orixe racial ou étnica, orientación sexual e identidade de xénero; solicitantes de asilo; persoas con problemas de adicción; persoas reclusas e exreclusas; perceptoras de rendas mínimas ou salarios sociais; persoas con fracaso ou abandono social.
- Outras persoas en situación de vulnerabilidade acreditada por un informe dos Servizos Sociais.

As persoas interesadas en participar deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, estar empadroadas no Concello de Lugo e ACREDITAR DOCUMENTALMENTE A PERTENZA A ALGÚN DOS COLECTIVOS SINALADOS. O persoal encargado de elaborar a listaxe de admitidos/as poderá requirir toda a documentación aclaratoria que estime oportuna en calquera momento do procedemento.

- Presentar a documentación completa e en regra, requirida nestas bases, e toda aquela que se poida requirir en calquera momento do procedemento.



- As funcións para realizar son as propias dun/dunha peón/peoa, polo que todas as persoas candidatas teñen que estar en disposición de realizar estas tarefas sen que teñan ningunha incapacidade física que as imposibilite.

### 3.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE:

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no web e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

### 4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As persoas que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar no anexo a estas bases denominado: solicitude de participación na selección de **peón/peoa** para o programa "MURAMIÑAE REHABILITA". Esta instancia/anexo estará dispoñible no Rexistro Xeral do Concello e no web municipal. As instancias dirixiranse á Excm. Sra. Alcadesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais da persoa solicitante que se reúnen os requisitos esixidos na base 2, así como o resto de datos que se recollen no reverso do devandito anexo.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a).- Copia do DNI ou NIE
- b).- Copia da tarxeta de demandante de emprego
- c).- Documentos acreditativos da pertenza a algún dos colectivos enumerados na base 2.g)
- d).- Copia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

En calquera momento do proceso se lles poderá requirir a presentación de documentación orixinal para o seu cotexo

### 5.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

Neste caso, "MURAMIÑAE REHABILITA", ao tratarse do programa cofinanciado polo FEDER para cumprir co obxectivo temático 9 "DESARROLLO DE ACCIONES PARA FOMENTAR LA INCLUSIÓN", é obrigado deseñar un plan especial de intervención sociolaboral para os colectivos enumerados no apartado anterior, sempre e cando poidan desempeñar as tarefas de peón/peoa. É por isto que se propón o seguinte sistema de selección dos/das 24 peóns/peoas:

A selección conta cunha única fase de baremación da puntuación (máximo 8 puntos). En caso de empate realizarase un sorteo tanto para as persoas seleccionadas, como para a elaboración da listaxe de substitucións.

### 6.- BAREMACIÓN DE CANDIDATOS/AS BENEFICIARIOS/AS MÁXIMO 8 PUNTOS

**Peóns/Peoas.**- A baremación que se propón é a seguinte (1)

COLECTIVO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Muller	1 punto
Persoas desempregadas de longa duración (máis dun ano)	1 punto

Persoas maiores de 55 anos	1 punto
Colectivos en risco de exclusión social: inmigrantes, minorías étnicas	2 puntos
<p><b>Experiencia profesional anterior</b></p> <p>- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ao que se convoca na Administración local, e referidos aos últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou se presente outra diferente á aquí referida, a puntuación nesta alínea será cualificada como 0 puntos.</p> <p>- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ao que se convoca nunha Administración pública (Estado, comunidades autónomas, provincia ou municipio) e referidos aos últimos 10 anos: 0,025 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou se presente outra diferente á aquí referida, a puntuación neste punto será cualificada como 0 puntos.</p> <p>- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ao que se convoca na empresa privada e referidos aos últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto.</p> <p>De non presentarse a citada documentación ou se presente outra diferente á aquí referida, a puntuación neste parágrafo será cualificada como 0 puntos.</p>	2 puntos
<p><b>Formación na materia.</b> Por cursos relacionados coa actividade para desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados. Os cursos que a xuízo do tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza non serán puntuados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Menos 15 horas: 0 puntos</li> <li>- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos</li> <li>- De 40 a 79 horas, 0,20 puntos</li> <li>- De 80 a 159 horas, 0,40 puntos</li> <li>- Máis de 160 horas: 0,75 puntos</li> </ul>	1 punto

(1) A acreditación do baremo será a través de DNI ou NIE, vida laboral actualizada, informes oficiais, diplomas, etc., que acrediten a puntuación.

#### **7.- FASES DO PROCESO:**

Aprobación das bases de "MURAMIÑAE REHABILITA" pola Xunta de Goberno Local. Publicación no web municipal, no Taboleiro de Anuncios e remisión ao BOP da provincia de Lugo.

a) Presentación de instancias no prazo e forma que se indica na base 4

b) COMPROBACIÓN DOCUMENTACIÓN: ao longo da semana seguinte ao remate do prazo, comprobarase a documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán rexeitadas, e non accederán á fase de baremación.

c) Publicación dunha listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Abrirase un prazo de **3 días naturais** para a emenda ou reclamación, tras o que se publicará a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

d) BAREMACIÓN DE SOLICITUDES. Na semana seguinte á listaxe definitiva de admitidos/as para a selección dos 24 postos de peón/peoa realizarase a baremación das persoas candidatas, conforme Á **base 6** destas bases. Unha vez realizado este baremo, publicarase no web municipal en no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo. Abrirase un prazo de **3 días naturais**, para posibles alegacións. Transcorrido o dito prazo, publicarase a LISTA DEFINITIVA DE BAREMACIÓN DOS/AS peóns/peoas, e de ser necesario, sinalarase o día para o sorteo, que decidirá en caso de empates das puntuacións, tal como se indica na **base 5**.



e) Publicación da listaxe definitiva das 24 persoas seleccionadas para peón/peoas, e unha listaxe ordenada de reservas.

Unha vez rematado o proceso de selección dos/as 24 peóns/peoas, ditarase unha resolución pola que se aproba a listaxe definitiva de selección e de reservas.

### **8.- COMISIÓN DE SELECCIÓN**

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuarán todos os membros con voz e voto. Composición:

- A Coordinadora da estratexia DUSI Muramiñae, dona M.<sup>a</sup> Isabel Villamor Cabado, o suplente será o Técnico Municipal D. Norman Javier Veiga Alvarez.
- O Xefe do Servizo de Enxeñaría: D. Pablo Fuentes Faílde. Suplente: D. Alberto Cardama Cid.
- A Enxeñeira Municipal D.<sup>a</sup> Marta Carballal Neira. Suplente: D.<sup>a</sup> Ana Rodríguez Álvarez.
- A Xefa de Sección de Benestar Social D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Elena Sánchez Picado. Suplente: D.<sup>a</sup> Ana Rosa Pérez García.
- A Vicesecretaria, órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D.<sup>a</sup> María García Ferro, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia das actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Suplente: o Secretario Xeral do Pleno, D. Rafael José del Barrio Berbel.

### **9.- CONTRATACIÓNS POR OBRA OU SERVIZO DE 24 PEÓNS/PEOAS**

As 24 persoas beneficiarias estarán contratadas polo Concello de Lugo, con cargo aos orzamentos da estratexia DUSI, a través dun contrato por obra ou servizo determinado. Percibirán o salario mínimo interprofesional, tendo en conta que son colectivos especiais que van adquirir capacitación a través da experiencia laboral. Estas persoas beneficiarias tamén están obrigadas a asistir ás xornadas de capacitación, orientación e inserción laboral que o Concello de Lugo dispoña dentro da súa xornada laboral.

As persoas seleccionadas ao abeiro deste programa temporal deben cesar en canto remate MURAMIÑAE REHABILITA. Esta cláusula deberá figurar no apartado correspondente (fin de contrato) do modelo do contrato para formalizar polas persoas seleccionadas.

**Modalidade.-** A modalidade de contrato será por obra ou servizo. Deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para o Plan de intervención sociolaboral MURAMIÑAE REHABILITA no marco da estratexia DUSI MURAMIÑAE da Muralla ao Miño, cofinanciada nun 80% polo *Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional-FEDER* para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

A retribución que percibirán as persoas beneficiarias é o salario mínimo interprofesional, e a duración do contrato será de 6 meses. Establécese un período de proba para as persoas contratadas de 15 días de duración.

### **10.- RECURSOS**

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

**Segundo.-** Publicar estas bases no BOP de Lugo e expoñelas ao público na páxina web e no Taboleiro de Anuncios.

Lugo, 5 de xuño de 2020.- A Alcaldesa, Excm. Sra. Dona Lara Méndez López.

**ANEXO****SOLICITUDE: PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE PEÓN/PEOA PARA O PROGRAMA "MURAMIÑAE REHABILITA"****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:**

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:	
DNI/NIE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
ENDEREZO:		CONCELLO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:**

ENDEREZO:		CONCELLO E PROVINCIA:
CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO:	

**EXPOÑO:**

Que reúno os requisitos esixidos nas bases xerais:

- Ser español/a ou nacional doutro estado da Unión Europea ou ser estranxeiro/a con permiso de traballo en vigor.
- Ter cumpridos 16 anos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente e non exceder da idade legal establecida para a xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función. Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto de traballo de peón/peoa. Será obrigatorio que as persoas candidatas comuniquen expresamente as limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de peón/peoa, estando en condicións de incorporarse a el na data de inicio de contrato.
- Estar desempregado/a inscrito/a como demandante de emprego nalgunha das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Lugo.
- Estar empadroadado/a no Concello de Lugo.
- Non ter sido sancionado/a e/ou aberto expediente nin ter sido separado/a do servizo por expediente disciplinario de calquera Administración pública. No caso de ser doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida o acceso ao emprego público.
- Acreditar documentalmente a pertenza a algún dos colectivos indicados na base 2 g)

**SOLICITO:**

Ser admitido/a para participar no procedemento selectivo do programa "MURAMIÑAE REHABILITA"

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo.:

**EXCMA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO**



**BAREMACIÓN** [A pertenza ao/aos colectivo/s especial/is puntuable/s, a experiencia profesional e a formación na materia deberán ser acreditados documentalmente, artigo 6 das bases)

Manifesto pertencer ao/aos colectivo/s (marcar á/ás que pertenza cunha X):

- Muller
- Desempregado/a de longa duración (máis dun ano)
- Maior de 55 anos
- En risco de exclusión social: inmigrante, minoría étnica

**EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

SERVIZOS REALIZADOS NA MESMA CATEGORÍA/POSTO SIMILAR NA ADMINISTRACIÓN LOCAL		
DENOMINACIÓN DA ADMINISTRACIÓN	CATEGORÍA/POSTO	TEMPO DE SERVIZOS EN MESES

SERVIZOS REALIZADOS NA MESMA CATEGORÍA/POSTO SIMILAR NO RESTO DE ADMÓNS. PÚBLICAS		
DENOMINACIÓN DA ADMINISTRACIÓN	CATEGORÍA/POSTO	TEMPO DE SERVIZOS EN MESES

SERVIZOS REALIZADOS NA MESMA CATEGORÍA/POSTO SIMILAR NA EMPRESA PRIVADA		
DENOMINACIÓN DA EMPRESA	CATEGORÍA/POSTO	TEMPO DE SERVIZOS EN MESES


**FORMACIÓN NA MATERIA:**

DENOMINACIÓN DO CURSO	DURACIÓN EN HORAS

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE:**

- Copia DNI/NIE
- Copia tarxeta demandante de emprego
- Documentos acreditativos da pertenza a algún dos colectivos enumerados no artigo 2.g) das bases
- Copia de toda a documentación acreditativa de pertencer ao/aos colectivo/s, a acreditativa da experiencia profesional e a acreditativa da formación, que poidan ser obxecto de baremación.

**En virtude do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos é polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos persoais que proporcione serán tratados polo Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións automatizadas, nos termos establecidos na normativa de referencia, deberá comunicarllo por escrito a este Concello.**

R. 1131

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****XILGADO DO SOCIAL N.º 4 GIJÓN**

D<sup>a</sup> OLGA PEÑA GARCIA, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 004 de GIJON, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PO 354/19 de este Juzgado de lo Social, se han dictado las resoluciones cuyos datos se hacen constar a continuación de la que los interesados podrán tener conocimiento íntegro en la oficina judicial, y contra las que cabe interponer el recurso que se indica:

- **RESOLUCION:** DECRETO DE ADMISIÓN Y SEÑALAMIENTO DE FECHA 11/12/2019 Y CEDULA DE CITACIÓN DE FECHA 11/12/2019. DECRETO DE SUSPENSIÓN Y NUEVO SEÑALAMIENTO 27/01/2020.
- **RECURSO Y PLAZO PARA INTERPOSICIÓN DE RECURSO:** RECURSO DE REPOSICIÓN EN EL PLAZO DE TRES DIAS.
- **PERSONAS A QUIEN SE NOTIFICA y CITA:** ALLDECOR GALICIA SL
- **FECHA CONCILIACION /JUICIO:** día 17/03/2020 a las 09:55 y 10:55 horas respectivamente.



Y para que sirva de notificación en legal forma a ALLDECOR GALICIA SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En GIJON, a dieciocho de febrero de dos mil veinte.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1097

---

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

#### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01230**

PETICIONARIO: José Fouce Pérez

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Cerceda

LOCALIDAD: Cima de Vila Cerceda (San Pedro)

TÉRM. MUNICIPAL: Corgo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Neira/Neira

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Cerceda" - "José Fouce Pérez", con un volumen máximo anual de 113,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Cámara de grasas.
- Fosa séptica con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 4 de junio de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1098

---

#### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01256**

PETICIONARIO: María Teresa Álvarez Martínez

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en A Presa

LOCALIDAD: A Presa, Pombeiro (San Vicente)

TÉR.M. MUNICIPAL: Pantón

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Innominado/Regueiro do

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en A Presa" - "María Teresa Álvarez Martínez", con un volumen máximo anual de 310,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Depuradora de oxidación total.
- Arqueta de toma de muestras.
- Infiltración al terreno.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 4 de junio de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1099

---

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01274**

PETICIONARIO: María del Pilar Yáñez Picado

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Adai

LOCALIDAD: Vilar nº 1 Adai (Santa M<sup>a</sup>. Madanela)

TÉR.M. MUNICIPAL: Lugo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Miño/Miño

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Adai" - "María del Pilar Yáñez Picado", con un volumen máximo anual de 124,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 4 de junio de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1100

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01276**

PETICIONARIO: Carlos Saavedra Castro

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Ribeira

LOCALIDAD: Ribeira nº 31 Cuíña (Santalla)

TÉR. MUNICIPAL: Lugo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rego das Campiñas/Campa da Barra de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Ribeira" - "Carlos Saavedra Castro", con un volumen máximo anual de 248,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

-Fosa séptica con prefiltro.

-Arqueta de toma de muestras.

-Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 4 de junio de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1101